

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E XENÉTICA FONTAO, SA PARA DAR CONTINUIDADE AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN DE GALICIA NO PERÍODO 2023 - 2026.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Don Jesús Vázquez Pérez, actuando en nome e representación de Xenética Fontao, SA, na súa condición de Responsable legal da empresa, en virtude do seu nomeamento como conselleiro da empresa en Xunta Universal, celebrada o 5 de novembro de 2013, e da delegación de poderes efectuada no consello de administración celebrado o 5 de novembro de 2013, recollida na acta N° 80 (05/11/2013) e na escritura n° 1960 outorgada ante o notario de Santiago de Compostela Manuel Remuñán López .

Cada un intervéñen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981 544 777 // 881 999 070
mediorural.dxgaia@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado.

Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, o citado Decreto sinala que a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias correspóndenlle entre outras funcións a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria da Consellería en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, e executar, entre outras, as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia.

Terceiro. Xenética Fontao, SA é unha empresa pública participada pola Xunta de Galicia e polas asociacións de gandeiros FEFRIGA (Federación Frisoa Galega) e ACRUGA (Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega). É un actor fundamental na mellora gandeira de Galicia a través da xestión do centro de sementais, do banco de xermoplasma, e mediante a prestación de servizos ao sector agrogandeiro. Dispón de equipos de traballo especializados na identificación xenómica dos caracteres dos animais mediante o uso da biotecnoloxía





do ADN, e na aplicación de modernas tecnoloxías reprodutivas como a transferencia embrionaria (ET) e a fecundación in vitro (FIV), que permiten multiplicar de forma exponencial a descendencia dos mellores animais.

Ademais, Xenética Fontao realiza proxectos de innovación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica de gran importancia no sector. Os obxectivos a acadar neste convenio non serían posibles sen a súa colaboración; a Administración Pública precisa servirse de Xenética Fontao para habilitar medios dos que carece e que lle permitirán obter grandes beneficios para os gandeiros galegos produtores de leite.

Cuarto. As actividades que se van a desenvolver, enmárcanse no disposto no Regulamento (UE) 2022/2472 da Comisión, do 14 de decembro de 2022, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Quinto. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando estean previstas nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma e cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso se expresa o artigo 36 nos seus apartados a) e c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, os artigos 37.2 e 40.1 do mesmo decreto posibilitan a concesión de subvencións directas mediante convenio.

Sexto. O sector lácteo galego representa case un terzo da produción final agraria e aproximadamente a metade da produción final gandeira. En termos económicos e sociais, a produción láctea constitúe un elemento de valor estratéxico, no desenvolvemento do rural galego. Con tal motivo, dende hai varios anos vense desenvolvendo o Programa de mellora xenética do gando Frisón de Galicia, xa que practicamente toda a produción láctea galega provén de animais desta raza.





Implantouse para adaptar o seu esquema de selección ás condicións particulares de Galicia, e ao mesmo tempo poñer a disposición dos gandeiros galegos mecanismos que lles permitan acadar unha selección máis eficiente dos animais cos que contan, reducindo a crónica dependencia do exterior en canto a adquisición de material xenético.

As tendencias no sector evolucionan cara á redución do número de explotacións leiteiras, mentres que as que se manteñen se profesionalizan e acadan ratios de produtividade e excelencias sanitarias, de manexo e benestar animal comparables cos mellores estándares europeos. Malia todo, a complexidade do mercado global caracterizado pola volatilidade dos prezos, dificulta a viabilidade das explotacións gandeiras, que precisan de vías alternativas de negocio que complementen a súa rendibilidade. Por tanto, os novos escenarios produtivos orientados a explotacións máis dimensionadas e tecnificadas traen consigo a modificacións nos criterios de selección.

Con tal motivo, cómpre revisar o Programa de selección e mellora xenética do frisón de Galicia e actualizalo para o período 2023 - 2026, mantendo os seus puntos básicos e introducindo os axustes necesarios para adaptarse ás novas variables da situación actual.

O desenvolvemento deste programa só é posible coa participación de Xenética Fontao SA, como única entidade de Galicia con capacidade para producir e achegar doses seminais de alto mérito xenético a todas as ganderías galegas. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

O programa configura unha mesa técnica como grupo de traballo presidida pola Consellería do Medio Rural, e integrada polo Centro Galego de Control Leiteiro





(CEGACOL), FEFRIGA e Xenética Fontao SA, encargada de definir os obxectivos de selección da cabana leiteira galega.

A continuación das actuacións iniciadas nos convenios subscritos entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao dende o ano 2011 ao 2022, e a implementación doutras que se recollen na Cláusula Terceira deste convenio, permitirán continuar avanzando nunha estratexia de selección adaptada ás tendencias actuais descritas, que permitan a caracterización de animais de acordo a uns criterios máis específicos, con potencial para contribuír aos obxectivos de saúde, rendibilidade dos rabaños e diferenciación das producións, sen esquecerse da consolidación dos avances alcanzados nos últimos anos.

Por tanto, asumindo que a realización dos programas de mellora gandeira de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao para o desenvolvemento do Programa de mellora xenética da raza Frisoa de Galicia.

Sétimo. En virtude do anterior, e acreditado que Xenética Fontao, SA cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é:





1. Establecer as condicións das actuacións realizadas por Xenética Fontao, SA para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética da Raza Frisoa de Galicia, contribuíndo deste xeito a mellorar a rendibilidade das explotacións leiteiras e á profesionalización do sector. *Achégase no Anexo IV do convenio o esquema xeral do Programa.*
2. Permitir aos gandeiros galegos que colaboran no control leiteiro oficial e que estean inscritos no libro xenealóxico da Raza Frisoa acceder a material xenético de sementais en proba de Xenética Fontao de xeito gratuíto.
3. Permitir a estes mesmos gandeiros participar en condicións proveitosas dos avances tecnolóxicos acadados por Xenética Fontao, tanto na oferta de seme sexado e nas técnicas de aplicación da biotecnoloxía do ADN como en materia de fecundación in vitro (FIV) e de transferencia embrionaria.
4. Poñer ao alcance de todos os gandeiros galegos material xenético de elite, a prezos competitivos no mercado, evitando deste xeito a saída de divisas fóra da nosa comunidade mediante a utilización de recursos xenéticos de produción propia.

SEGUNDA. Beneficiarios

Os beneficiarios últimos das actuacións financiadas con este convenio son os gandeiros que participan no Programa de mellora xenética da raza frisoa de Galicia a través do control oficial de rendemento leiteiro.

Para poderen ser beneficiarios deberán ter a condición de pemes, de acordo co disposto no anexo I do Regulamento (UE) 2022/2472 da Comisión, do 14 de decembro de 2022, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e no cumprimento do artigo 1.5. do citado Regulamento, as pemes beneficiarias do





presente réxime de axudas non terán a consideración de empresas en crise, segundo a definición destas establecida no artigo 2.59.

Así mesmo, non poderán ter a condición de persoas beneficiarias das axudas reguladas neste convenio as persoas ou entidades que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente, despois dunha decisión previa da Comisión que declarara unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, e en cumprimento do artigo 1.4.a) do Regulamento (UE) 2022/2472 da Comisión, do 14 de decembro de 2022.

De acordo co establecido no artigo 27.4.a) do Regulamento (UE) N° 2022/2472, a axuda se abonará en especie e non poderá consistir en pagos directos aos beneficiarios.

TERCEIRA. Compromisos de Xenética Fontao

Xenética Fontao asume os seguintes compromisos:

1. Desenvolver un proxecto de incorporación ao programa da xenética de elite, para o que proseguirá na busca das mellores liñas xenéticas a nivel mundial, co fin de incrementar o potencial xenético e manter a variabilidade xenética da cabana galega, consonte ás directrices emanadas da Mesa Técnica.

Para isto, contará cun comité de selección integrado polos representantes das asociacións de control de rendementos, da asociación xestora do libro xenealóxico da raza bovina frisoa en Galicia e de Xenética Fontao, SA que estableza os criterios xerais de selección. Así mesmo, este comité será o encargado de valorar as ofertas de material xenético ofertado, así como de deseñar as estratexias de traballo no proceso de selección.

2. Establecer unha poboación propia de femias de alto valor xenético que garantan a variabilidade xenética na poboación.





3. Dispoñer anualmente dun número mínimo de 40 novos sementais avaliados xenomicamente que posteriormente serán avaliados sobre descendencia seguindo as directrices do programa de cría da raza frisoa. Estes sementais serán seleccionados pola Mesa Técnica, dos que se facilitará aos gandeiros en control leiteiro oficial, de xeito gratuíto, unha achega anual mínima de 35.000 doses para garantir a súa proba.

4. Realizar unha achega gratuíta dun mínimo de 4.000 doses de seme por lactación finalizada válida anual de touros probados de alto valor xenético ás ganderías participantes no programa, en compensación polas lactacións finalizadas acadadas polas fillas de touros do programa para a súa valoración xenética.

5. Continuar co esquema de difusión xeral da mellora entre os gandeiros participantes no control leiteiro oficial, mediante a oferta en condicións vantaxosas de doses seminais de alto valor xenético. Na oferta inclúranse tanto touros con valoración sobre descendencia, como touros con valoración xenómica, e touros con seme sexado.

Así mesmo, a través de medios promocionais realizarase a divulgación dos logros acadados polo programa, de tal xeito que o seu contido contribúa ao coñecemento das novidades no campo da mellora animal por parte de gandeiros e técnicos.

6. Xenética Fontao destinará a título promocional, sen custo para o gandeiro, un mínimo de 10.000 doses anuais de touros con alta valoración xenómica para os gandeiros adheridos ao programa que soliciten doses seminais nesta oferta conxunta anual.

7. Realizar cada ano un mínimo de 1.000 avaliacións xenómicas (mediante chips de diferentes densidades de SNPs) necesarias para o adecuado desenvolvemento do programa de selección.





8. Achegar un volume anual mínimo de 100 embrións elite seleccionados polo comité de selección entre os cruces máis interesantes para o programa cos criterios anteriores. Polo menos o 60% deles procederán dos países punteiros en xenética, (USA, Canadá, Holanda, Alemaña, etc) co fin de introducir no programa galego novas familias de femias que contribúan a manter a variabilidade xenética.

9. Establecer un sistema de colaboración con ganderías para favorecer a multiplicación da xenética de alto mérito, nas que implantar os embrións citados. Estas ganderías serán seleccionadas de acordo cos requisitos e criterios de prelación recollidos no Anexo I, coas obrigas e dereitos para ambas partes sinalados no Anexo II do presente convenio.

10. Potenciar as técnicas de reprodución que contribúan a incrementar o progreso xenético do gando, en especial a produción de embrións mediante a fecundación in vitro (FIV). Así mesmo, establecerá acordos con ganderías colaboradoras co fin de garantir a opción de obter dereitos sobre os produtos das mellores femias do programa. Estes acordos serán redactados consonte ao recollido no Anexo III deste convenio.

CUARTA. Gastos financeiros

A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións do convenio, realizadas dende a sinatura do mesmo.

A axuda máxima estará limitada sobre os gastos subvencionables ata o 70% dos custos derivados da realización de probas destinadas a determinar a calidade xenética, segundo se establece no apartado a do punto 5, do artigo 27 do Regulamento (UE) 2022/2472 da Comisión, do 14 de decembro de 2022, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.





A previsión de custes anuais e a xustificación para cada un dos anos de duración do convenio, incluírá os seguintes apartados, descritos no Anexo VI do convenio

1) APROVISIONAMENTOS

Alimentación dos animais, reactivos e materiais funxibles de laboratorio, material laboratorial empregado nas técnicas do ADN e en técnicas de reprodución (fecundación "in vitro"), produtos veterinarios e de limpeza e desinfección, material xenético (doses seminais, embrións e animais) e nitróxeno líquido para conxelación e criopreservación:

90.000 Euros	70%	63.000 Euros
--------------	-----	--------------

2) GASTOS DE PERSOAL

Soldos e salarios e seguridade social a cargo da empresa:

90.000 Euros	70%	63.000 Euros
--------------	-----	--------------

3) OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN

Reparacións e mantemento de instalacións técnicas, maquinaria e equipamento técnicos, subministracións xerais de luz, teléfono e carburantes, renting comercial de vehículos, servizos veterinarios, valoracións xenómicas, primas de seguros, transporte, publicidade e promoción:

34.285,7 Euros	70%	24.000 Euros
----------------	-----	--------------

QUINTA. Xustificación

Realizarase unha única xustificación e presentación de gastos e pagamentos anuais. A data límite de xustificación do programa desenvolvido e presentación de gastos e pagamentos será o 1 de novembro de cada ano.





Con cada xustificación o beneficiario debe achegar:

1. Un escrito de remisión asinado polo xefe de área de Selección e Mellora Xenética co visto e prace do responsable legal da empresa.
2. Unha certificación expedida polo xefe de área de Selección e Mellora Xenética co visto e prace do responsable legal da empresa coa relación en detalle dos gastos e facturas.
3. Os xustificantes orixinais de gasto. Os xustificantes orixinais dos gastos e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. Deberán reunir os requisitos recollidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
4. Transferencia bancaria dos pagos.
5. Unha memoria explicativa, asinada polo responsable legal da empresa, sobre a realización das actividades auxiliadas que probe a prestación efectiva dos servizos e permita vulgar a elixibilidade dos gastos.
6. No caso das nóminas, achegará esta, máis os xustificantes do ingreso na AEAT (TCs) dos importes retidos aos traballadores.
7. Unha relación informatizada dos gastos e facturas cos seguintes campos: concepto, provedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE. No caso das nóminas, polo menos incluírá os campos: líquido a percibir, total retribucións, Seguridade Social da empresa e do traballador.

Así mesmo, antes do 1 de abril dos anos 2024, 2025 e 2026 e 2027 Xenética Fontao, SA presentará a relación de beneficiarios do ano anterior de acordo co establecido





no Anexo V do convenio: Indicadores do Programa de Mellora Xenética da Raza Frisoa de Galicia 2023-2026.

Para a acreditación de gasto no concepto de axudas de custo, admitiranse “acreditacións de pagamento” emitidas e seladas pola empresa, asinadas polo traballador, pagadas mediante transferencia bancaria e acompañadas dun certificado da empresa no que se especifique o concepto.

Toda xustificación irá acompañada dunha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarse por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria, en relación coa xustificación, e emitirá informe de conformidade coas actuacións levadas a cabo. Será aplicable o réxime do artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, cando o importe dos gastos elixibles superen as contías que se indican, no suposto de prestación de servizos ou entrega de bens ao beneficiario por empresas consultoras ou asistencia técnica, salvo que polas súas especiais características non existan no mercado suficiente número de entidades que as presten ou subministren. A escolla entre as ofertas, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Considéranse gastos elixibles aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades acordadas e que se realicen no prazo establecido no





presente convenio. En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos elixibles poderá ser superior ao valor de mercado. Non se considera o IVE gasto elixible.

De acordo co artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. A actividade subvencionada que o beneficiario subcontrate con terceiros realizarase cumprindo as obrigas referidas en dito artigo.

SEXTA. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais e os empregados de Xenética Fontao, SA que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SÉTIMA. Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento composta por un representante de cada institución asinante. Esta comisión encargarse, así mesmo, de establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.

OITAVA. Control de actuacións

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio. Ademais, exercerá o seguimento e control das actuacións obxecto de convenio co persoal técnico da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo





Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Xenética Fontao comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen.

NOVENA. Incompatibilidade

A percepción dunha achega con base a este convenio é incompatible con calquera outra que poida obterse de distintas administracións ou entes públicos para a mesma finalidade.

DÉCIMA. Obriga de reintegro.

A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. Informes.

Xenética Fontao elaborará e presentará antes do 15 de decembro do ano 2026 un informe analítico, que inclúa un resumo global de todas as actividades realizadas no marco do convenio, así como aqueles informes que a consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA. Propiedade Intelectual e publicidade.

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá a Xenética Fontao, SA.





Xenética Fontao poderá publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio, faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades intervenientes consonte co disposto no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo





común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

DÉCIMO CUARTA. Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, as actuacións que poidan prexudicar a consecución dos obxectivos do programa e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO QUINTA. Autorizacións

Xenética Fontao autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

DÉCIMO SEXTA. Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios





da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

DÉCIMO SÉTIMA. Natureza.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

DÉCIMO OITAVA. Vixencia do convenio e financiamento

O presente convenio, que producirá efectos dende a sinatura do mesmo ata o 1 de decembro do 2026, asínase para o período 2023-2026. O importe total ascende a seiscentos mil euros (600.000,00 €), coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 150.000 € para o ano 2023,
- 150.000 € para o ano 2024,
- 150.000 € para o ano 2025,





- 150.000 € para o ano 2026,

Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713C.441.13.

E en proba de conformidade, asinan este convenio na data da sinatura dixital.

Pola consellería do Medio Rural

O conselleiro do Medio Rural

José González Vázquez

Por Xenética Fontao

O responsable legal

Jesús Vázquez Pérez





ANEXO I

REQUISITOS E CRITERIOS DE PRELACIÓN APLICABLES NA SELECCIÓN DAS GANDERÍAS COLABORADORAS CO PROGRAMA DE MELLORA XENÉTICA DE FRISÓN DE GALICIA 2023-2026

I. REQUISITOS

As ganderías en control leiteiro de Galicia que se consideren colaboradoras nas actividades de transferencia embrionaria reunirán, con carácter preceptivo, os seguintes requisitos sanitarios:

Requisitos das explotacións:

- a) Oficialmente indemnes a Tuberculose, Brucelose e Leucose e estaren libres das enfermidades de declaración obrigatoria na UE.
- b) Historial analítico e sanitario que permita descartar a presenza de virus IBR circulante.
- c) Non presenza de positividade a nivel de antíxeno para BVD.

Requisitos das receptoras:

- a) Resultado negativo da receptora e da súa nai a Paratuberculose. (1)
- b) Resultado negativo da receptora e da súa nai a Neospora. (1)
- c) Resultado negativo da receptora a IBR

(1) Sempre ten que constar analítica demostrativa da negatividade da nai.

As comprobacións de ausencia de Tricomonas e Campylobacter realizaranse directamente sobre os machos candidatos a ingresar no Centro de sementais.





II. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE GANDERÍAS

A selección de ganderías farase en base a un sistema de puntuación que se describe a continuación, dando preferencia ás ganderías que acaden a maior puntuación. A Mesa do Programa de Mellora Xenética de Frisón de Galicia acordou que as explotacións colaboradoras sexan seleccionadas entre todas as ganderías de control leiteiro de Galicia. A tal fin, as Asociacións provinciais de control leiteiro (AFRICOR) efectuarán semestralmente unha avaliación de todas as ganderías en control leiteiro, adxudicándolles cadansúa puntuación en función dos seguintes parámetros:

- Lonxeidade media: número medio de partos das vacas dadas de baixa (só vacas paridas) no período considerado, exceptuando as vendas para vida.
- Porcentaxe de recría: número de animais rexistrados menores de 24 meses respecto do número de reses maiores de 24 meses.
- Taxa de non retorno das xovencas: taxa de non retorno a 56 días dos animais inseminados con menos de 24 meses.
- Nivel medio de produción: media das lactacións válidas finalizadas no período de referencia.
- Media de cualificación morfolóxica: puntuación media das vacas cualificadas no momento do cálculo.
- Idade ao primeiro parto: idade media dos animais, expresada en meses, no momento do primeiro parto.
- Intervalo entre partos: media do intervalo en días entre as datas do parto acaecido no período de referencia e o parto inmediatamente anterior.





- Media da puntuación lineal (PL) do RCS: media dos valores de RCS de cada un dos controis, expresados en PL.

Os puntos adxudicaranse do seguinte xeito:

Percentil ≥ 90100 puntos

Percentil 80 a 89..... 90 puntos

Percentil 70 a 79 80 puntos

E así sucesivamente, ata acadar un máximo global de 800 puntos.

Os percentís calcularanse a nivel de Galicia.

Ademais:

- A pertenza a unha ADSG supón 100 puntos adicionais.
- A experiencia demostrable na transferencia de embrións nos últimos 2 anos suporía 100 puntos adicionais.
- A suma total máxima dunha gandería é de 1.000 puntos.

III. CONDICIÓN E OBRIGAS COMPLEMENTARIAS

O número máximo de embrións transferidos por gandería será de 4. Evitaranse en todo momento futuras situacións de monopolio das ganderías colaboradoras respecto de liñas xenéticas concretas mediante o espallamento destas polas distintas explotacións do programa.

As ganderías adquiren o compromiso de aportar o seguinte número mínimo de receptoras, en función dos embrións a transferir, no momento da programación da actividade:





Nº EMBRIÓNS	Nº RECEPTORAS
1	3
2	4
3	5
4	6

Se no proceso planificado de transferencia resultase que algúns embrións non puideran ser transferidos por falla das condicións das receptoras sincronizadas, estes embrións poderanse transferir noutras ganderías con receptora preparada para a transferencia na mesma data, respectando sempre o máximo de catro embrións por gandería.

IV. ACORDOS COAS GANDERÍAS

Xenética Fontao realizará acordos coas ganderías colaboradoras, segundo os modelos definidos nos ANEXO II e III, para a produción de animais (machos e femias), de alto valor xenético empregando as técnicas de transferencia embrionaria e fecundación in vitro.





ANEXO II

ACORDO DE COLABORACIÓN CON GANDERÍAS

D.....con DNI....., en representación da Gandería.....e

D..... con DNI..... en representación de Xenética Fontao, SA.

ACORDAN colaborar na produción de animais (machos e femias), de alto valor xenético no marco do Programa da Mellora Xenética Frisoa de Galicia, coas seguintes cláusulas:

I. OBRIGAS E DEREITOS DA GANDERÍA

A) Obrigas

1. Poñer a disposición do Programa anualmente un rabaño mínimo de 8 xovencas virxes, con idades comprendidas entre 14 e 18 meses, aptas para seren utilizadas como receptoras de embrións.
2. Estar vinculada a unha ADSG ou cumprir cun programa sanitario equivalente. En particular, as ganderías deberán ser oficialmente indemnes a Tuberculose, Brucelose e Leucose e estaren libres das enfermidades de declaración obrigatoria na UE, de IBR e de BVD. Ademais, as xovencas ofertadas ao Programa estarán libres de Paratuberculose e Neospora.
3. Abonar a Xenética Fontao, SA a parte de financiamento que lle corresponda pola compra dos embrións incorporados nun prazo máximo de 15 días tras a presentación da copia da factura.
4. Comunicar a Xenética Fontao, SA o nacemento dos animais nun prazo de 24 horas, aloxalos en espazos individuais e subministrarlles os custos da nai durante





un mínimo de 24 horas. A partir dese momento, e ata que sexan retirados por Xenética Fontao, SA, os animais serán atendidos e alimentados en condicións óptimas.

5. Comunicar a Xenética Fontao, SA nun prazo de 48 horas as incidencias sanitarias que afecten aos animais incluídos no Programa.

6. Manter obrigatoriamente as femias de pago compartido ata o fin da primeira lactación.

7. Ofrecer en primeira opción a Xenética Fontao, SA os embrións e os animais obtidos a partir das femias de pago compartido.

B) Dereitos

1. Os machos de primeira xeración obtidos dos embrións implantados, serán propiedade de Xenética Fontao, SA, que retribuirá á gandería colaboradora a razón do custe do embrión máis un engadido do 25 % no caso do primeiro macho, e do custe do embrión no caso dos seguintes machos obtidos do mesmo cruce e na mesma gandería.

2. As femias de pago compartido serán propiedade da gandería colaboradora. Xenética Fontao, SA mantén o dereito á obtención gratuíta de 6 embrións. Este dereito manterase incluso cando se produza a venda do animal a terceiros, unha vez finalizada a primeira lactación. Xenética Fontao, SA seleccionará e pagará as doses seminais a utilizar na obtención dos embrións.

3. Os sementais levarán o nome xenérico da gandería de procedencia.

II. OBRIGAS E DEREITOS DE XENÉTICA FONTAO, SA

A) Obrigas





1. Practicar sobre as xovencas os procesos técnicos e analíticos necesarios para a implantación e obtención de embrións, asumindo integramente o seu custe.
2. Retirar os animais da gandería nos quince días posteriores ao seu nacemento, sempre e cando as condicións sanitarias da explotación o permitan.
3. Retribuír ás ganderías colaboradoras as cantidades pactadas en concepto de pago polos machos nados.

B) Dereitos

1. Os machos de primeira xeración obtidos dos embrións implantados, serán propiedade de Xenética Fontao, SA, que deberá retribuír á gandería colaboradora.
2. Xenética Fontao, SA conservará o dereito de adquisición en primeira opción dos embrións e os animais nados de femias de pago compartido.

III. DURACIÓN DO ACORDO

O acordo celébrase con carácter indefinido. Calquera das partes que desexa rescindir este acordo deberá comunicalo con 3 meses de antelación. No caso de rescisión, ambas partes comprométense a respectar as obrigas contraídas (xestacións en curso, devolución de crías, compensacións económicas e embrións, etc.).

IV. CAUSAS DE RESCISIÓN

Serán causa de rescisión do presente acordo o incumprimento do establecido nas cláusulas do mesmo ou a aparición na explotación de calquera problema sanitario, reprodutivo ou outro, que imposibilite ou dificulte gravemente o normal funcionamento do establecido.





ANEXO III

ACORDO DE COLABORACIÓN CON GANDERÍAS QUE UTILICEN FECUNDACIÓN IN VITRO

D.con DNI..... en representación da gandería..... e

D.....con DNI..... en representación de Xenética Fontao, S.A.

ACORDAN colaborar na produción de animais de alto valor xenético empregando novas tecnoloxías reprodutivas e xenéticas, coas seguintes cláusulas:

I. OBRIGAS E DEREITOS DA GANDERÍA

A) Obrigas

1. Poñer a disposición de Xenética Fontao, S.A. (XF) femias elite que foran preseleccionadas polo comité de selección constituído dentro do Programa de Mellora Xenética da raza Frisoa de Galicia.
2. Dispoñer dun rabaño mínimo de xovencas virxes, con idades comprendidas entre 14 e 18 meses, aptas para seren utilizadas como receptoras de embrións.
3. Implantar os embrións producidos mediante fecundación *in vitro* (FIV) por XF nas femias receptoras.
4. Asumir os custos da sincronización das receptoras, das doses seminais necesarias para a fertilización dos ovocitos e da implantación dos embrións FIV producidos.





5. No caso doutras femias non preseleccionadas polo comité de selección e presentes na gandería, esta abonará a XF os importes que acorden ambas partes.

6. Comunicar a XF nun prazo de 48 horas o nacemento de tódolos machos obtidos a partir dos embrións FIV producidos por XF na súa gandería. XF sempre terá a primeira opción de compra sobre estes machos.

7. Comunicar a Xenética Fontao, SA nun prazo de 48 horas as incidencias sanitarias que afecten aos animais incluídos no presente Acordo.

B) Dereitos

1. Os animais (machos e femias) obtidos dos embrións FIV serán propiedade da gandería.

2. Os machos seleccionados por XF serán retribuídos á gandería por un importe acordado entre ambas partes.

3. Os machos que non foran seleccionados por XF poderán ser ofertados pola gandería a outros clientes.

II. OBRIGAS E DEREITOS DE XENÉTICA FONTAO, SA

A) Obrigas

1. Realizar as análises xenómicas e de filiación das femias elite preseleccionadas polo comité de selección, asumindo integramente o seu custe.

2. Obtención de ovocitos e produción de embrións FIV das femias elite preseleccionadas polo comité de selección, asumindo integramente o seu custe.

3. Realizar as análises xenómicas a todos os animais (machos e femias) nados a partir dos embrións FIV producidos por XF na gandería de acordo coa preselección do comité de selección.





4. XF dará unha resposta definitiva sobre a adquisición ou non do macho nacido nun prazo máximo de 90 días desde que este fora ofertado.

B) Dereitos

1. Os machos obtidos a partir de embrións FIV serán sempre ofertados en primeira opción a XF.

2. Os machos descendentes de femias procedentes de embrións FIV tamén serán sempre ofertados en primeira opción a XF.

III. DURACIÓN DO ACORDO

O acordo celébrase con carácter indefinido. Calquera das partes que desexe rescindir este acordo deberá comunicalo con 3 meses de antelación. No caso de rescisión, ambas partes comprométense a respectar as obrigas contraídas (xestacións en curso, compensacións económicas, etc.).

IV. CAUSAS DE RESCISIÓN

Serán causa de rescisión do presente acordo o incumprimento do establecido nas cláusulas do mesmo ou a aparición na explotación de calquera problema sanitario, reprodutivo ou outro, que imposibilite ou dificulte gravemente o normal funcionamento do establecido.





ANEXO IV

ESQUEMA XERAL DO PROGRAMA DE MELLORA XENÉTICA DA RAZA FRISOA DE GALICIA 2023 – 2026

INTRODUCCIÓN

Un Programa de mellora é o conxunto de actuacións sistematizadas, deseñadas e desenvoltas por unha asociación de criadores dunha raza oficialmente recoñecida ou por un servizo oficial, orientadas á conservación, mellora e/ou fomento da mesma, con carácter único para cada raza e que debe estar avalado por un centro cualificado de xenética animal.

CONAFE (Confederación Nacional de Asociaciones de Raza Frisoa), é a entidade que a nivel nacional é responsable do programa de cría da raza Frisoa, seguindo as directrices do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e do Real Decreto 45/2019, de 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo.

En Galicia, o sector lácteo ten unha transcendencia fundamental, cunha gran repercusión social e económica. Con tal motivo, e independentemente do subliñado no parágrafo anterior, dende hai varios anos véñse desenvolvendo o "Programa de mellora xenética do Frisón de Galicia", xa que practicamente toda a produción láctea galega provén de animais desta raza. A relevancia deste proxecto é tal que aproximadamente o 65% da produción do leite galego provén de gandeiros directamente implicados no Programa.





O "Programa de mellora xenética do frisón de Galicia", implantouse para complementar o programa nacional e adaptar o seu esquema de selección xeral ás condicións particulares de Galicia, e ao mesmo tempo poñer a disposición dos gandeiros galegos mecanismos que lles permitan acadar unha selección máis eficiente dos animais cos que contan, reducindo a crónica dependencia exterior en canto a material xenético.

A evolución do sector leiteiro galego, cunha redución do número de explotacións leiteiras, pero coa maior profesionalización dos gandeiros, e explotacións máis dimensionadas e tecnificadas obriga a modificar os criterios de selección.

Con estas premisas, a Consellería do Medio Rural presenta un novo Programa de mellora xenética para o período 2023-2026, que resulta da revisión e actualización dos anteriores, mantendo os seus piares básicos e introducindo os axustes necesarios para adaptarse ás novas variables de situación actual.

OBXECTIVOS XERAIS

1. Mellora da eficiencia das explotacións leiteiras galegas, mediante o incremento do nivel xenético da súa cabana. A tal fin, o Programa debe ser quen de ofertar o material xenético de alto mérito en cantidade axeitada e a prezos competitivos.
2. Creación dun novo nicho de negocio na produción de alta xenética, para os criadores de gando vacún leiteiro en Galicia.
3. Facilitar aos gandeiros galegos o acceso a novas tecnoloxías reprodutivas máis vangardistas que maximicen a obtención dos mellores resultados en canto ao progreso xenético e as alternativas para obtelo.

AXENTES DO PROGRAMA

- Xenética Fontao, SA





- Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL)
- Asociacións Provinciais de Control Leiteiro (AFRICOR)
- Federación Frisoa Galega FEFRIGA
- Ganderías colaboradoras
- Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Todos estes axentes artéllanse mediante a Mesa Técnica que é o foro no que se toman as decisións relativas á mellora xenética e selección do gando, encargada de definir os obxectivos xerais de selección da cabana leiteira galega e de organizar o reparto do material xenético entre as ganderías colaboradoras. Está coordinado por Xenética Fontao, SA e debese reunir periodicamente para avaliar a marcha do Programa, e en función das necesidades.

Á súa vez conta cun grupo de traballo máis específico integrado por membros de Xenética Fontao e das Asociacións de Gandeiros, dedicado a valorar en función dos criterios previamente definidos na Mesa Técnica as diversas dispoñibilidades de material xenético do mercado en función das necesidades, así como no deseño dos esquemas de actuación que permitan obter os mellores resultados no proceso de selección.

ESTRATEGIA DE TRABALLO

O punto de partida do Programa consistiu na busca e incorporación de material xenético procedente da elite da poboación mundial (embrións, animais vivos) contando coa implicación das ganderías que participan, para obter material xenético de produción propia co que abastecer as necesidades da cabana galega. Para elo empréganse ferramentas que axuden a maximizar os resultados baseadas nas novas tecnoloxías reprodutivas.





Na actualidade estase a traballar con exemplares nados en Galicia, xa que grazas aos logros acadados nos anos precedentes, é posible atopar en Galicia boa parte dos animais mellor valorados xenomicamente do noso país.

A estratexia de traballo no Programa contempla os seguintes apartados:

- Incorporación de xenética ao Programa
- Implicación das ganderías
- Aplicación de tecnoloxías reprodutivas
- Produción de xenética propia
- Difusión da mellora

O proceso comeza coa incorporación de material xenético procedente das mellores liñas a nivel mundial, liñas que utilizan criterios de selección parecidos, e máis especificamente de material procedente de aqueles animais mellor valorados tomando como referencia as avaliacións xenómicas. A utilización nos últimos anos das valoracións xenómicas e o acceso a información permanentemente actualizada permite dispor de ferramentas que facilitan a identificación dos mellores reprodutores machos e femias no mercado global dos países do noso entorno gandeiro.

Con esta práctica preténdese por unha banda contar con material xenético de elite, e por outra introducir novas fontes de xenética co obxecto de manter a variabilidade da poboación nuns niveis aceptables.

Así mesmo, Xenética Fontao, SA adquire no mercado nacional e internacional, no marco das liñas xenéticas seleccionadas polo comité de selección, os machos necesarios xa valorados xenomicamente para realizar a proba sobre descendencia ata completar un número mínimo de 40 sementais a ingresar cada ano no Centro.





Ademais, anualmente incorpóranse un número determinado de embrións, xa que deste xeito pódense obter non só sementais, senón tamén femias que contribuirán á mellorar a descendencia en Galicia mediante a aplicación das novas tecnoloxías reprodutivas. O sistema de incorporación de embrións permite por outra banda a implicación e participación das ganderías colaboradoras, as cales teñen distintos graos de implicación: desde as que proporcionan femias receptoras nas que implantar embrións incorporados ou as que permiten a aplicación en animais da súa propiedade de tecnoloxías reprodutivas tendentes a obter animais para o programa mediante acordos ou opcións de compra que garantan a dispoñibilidade dese material xenético para o Programa.

As ganderías colaboradoras cumpren cos requisitos zootécnicos e sanitarios esixidos no protocolo do programa, e se comprometen coa xestión do Programa de Mellora Xenética nas condicións establecidas nun acordo de colaboración asinado con Xenética Fontao, SA. En contraprestación aos compromisos adquiridos, as ganderías son compensadas coas fórmulas establecidas nos Anexos II e III.

Xenética Fontao fixa as condicións sanitarias para seleccionar e manter ganderías que faciliten obter resultados óptimos no programa de transferencia embrionaria de tal forma que os animais de alta calidade xenética xerados teñan un status sanitario que permita o aproveitamento do seu material xenético, incluso a través de intercambios a distintos niveis (mesmo a exportación). Para isto, as ganderías de procedencia deberán acreditar o seguimento dun programa sanitario.

En canto a aplicación de tecnoloxías reprodutivas que se están a empregar no Programa galego, cabe citar desde aquelas que permiten incrementar o número de descendentes das mellores femias, tales como a transferencia embrionaria (ET) e a produción de embrións por ovo-punción e fecundación in vitro (OPU-FIV), ata aquelas que coas aplicacións da biotecnoloxía do ADN permiten identificar a idades moi temperás aos mellores animais da poboación, acelerando deste xeito o progreso





xenético, xa que identificar os animais de maior potencial xenético é clave para a futura rendibilidade das explotacións de vacún leiteiro.

Con todas estas ferramentas Xenética Fontao produce anualmente un volume de seme máis que suficiente para cubrir as necesidades dos gandeiros galegos, permitindo deste xeito non só abaratar dun xeito evidente os custes do material xenético que necesitan, se non tamén acadar un nivel de mellora grazas á garantía que ofrece o emprego de proxenitores avaliados por un sistema de produción propia.

A última parte do Programa consiste na achega desta produción propia aos gandeiros, completándose o obxectivo fundamental do mesmo. Un dos aspectos fundamentais da difusión xeral da mellora entre os gandeiros pasa pola oferta de doses seminais de alto valor xenético. Esta difusión realízase anualmente coa intención de que os gandeiros galegos que colaboran no control leiteiro oficial e están inscritos no libro xenealóxico da raza Frisoa poidan acceder a material xenético de alto nivel, que inclúe sementais valorados xenomicamente, sementais valorados sobre descendencia e seme sexuado.

A loxística da realización da campaña de difusión recae en Xenética Fontao, coa colaboración das Asociacións Provinciais de Control Leiteiro. Consiste na compra conxunta de doses seminais do propio Programa.

Ademais da achega de material xenético para a difusión da mellora "vía macho", o Programa inclúe outros mecanismos para a mellora das explotacións "vía femia" como é a aplicación da biotecnoloxía do ADN para a identificación das mellores femias e a multiplicación da súa descendencia utilizando técnicas de transferencia embrionaria e a fecundación in vitro, o que permite que os gandeiros se beneficien directamente da mellora acadada.





AVALIACIÓN DE RESULTADOS

A avaliación dos resultados obtidos realizase por técnicos da Subdirección Xeral de Gandería (Servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal), en base a uns parámetros establecidos.

Indicadores de cumprimento:

- Nº embrións estranxeiros adquiridos e implantados.
- Nº de machos avaliados xenomicamente como candidatos a reprodutores.
- Nº de machos ingresados no centro para proba sobre descendencia.
- Nº doses seminais repartidas para a valoración sobre descendencia.
- Nº de femias valoradas xenomicamente.
- Nº de femias sometidas a FIV.
- Nº de embrións obtido por esta técnica.
- Nº de doses repartidas anualmente na campaña do seme.
- Nº doses seminais sexadas repartidos na campaña.
- Nº de doses entregadas para compensación por lactacións finalizadas.
- Nº de doses promocionais entregadas anualmente .
- Proporción de femias, descendentes de touros do programa inscritos cada ano no libro xenealóxico da raza frisoa, con respecto ao total de animais inscritos en Galicia.
- Proporción de fillas de touros procedentes do programa participando cada ano (con lactación iniciada) no control de rendementos, respecto ao total de femias no mesmo.





ANEXO V

INDICADORES DO PROGRAMA DE MELLORA XENÉTICA DA RAZA FRISOA DE GALICIA 2023 – 2026

1. Os beneficiarios das actuacións obxecto do Programa de Mellora Xenética da Raza Frisoa de Galicia son os gandeiros galegos que colaboran no control leiteiro oficial e que permanezan inscritos no libro xenealóxico da Raza Frisoa.

Nº de beneficiarios estimados: 2.200

Non é posible precisar exactamente o número de gandeiros beneficiarios de cada ano, a cifra aportada corresponde a unha estimación en base aos datos facilitados polo Centro Galego de Control Leiteiro para o ano 2023.

2. O Convenio vai a permitirlles acceder a:

a) Material xenético de sementais de produción propia de Xenética Fontao de xeito gratuíto:

- 35.000 doses de seme de touros en fase de valoración sobre descendencia, a custo 0 €.
- 10.000 doses por lactación finalizada anuais gratuítas de touros probados de alto valor xenético en compensación polo aporte de lactacións finalizadas de fillas de touros do programa para a súa valoración xenética.
- 4.000 doses anuais gratuítas de touros con valoración xenómica positiva para os gandeiros adheridos ao programa.

b) Material xenético de sementais elite de produción propia, tanto probados sobre descendencia como xenomicamente en condicións económicas moi vantaxosas.





- Establécese unha marxe de beneficio xeral para os gandeiros que colaboran co programa en torno ao 50 % sobre o prezo de mercado.
- Os sementais mellorantes e os seus prezos nos anos de duración do convenio son variables. Os datos referidos no cadro corresponden á última campaña de reparto correspondente ao ano 2023:

NOME TOURO	P.V.P.	PREZO GANDEIRO PROGRAMA	% DESCONTO
GABRIELLE	32,00 €	16,00 €	50,00 %
STARMAX	32,00 €	16,00 €	50,00 %
TANXU P RED	32,00 €	16,00 €	50,00 %
GLYCINE	32,00 €	16,00 €	50,00 %
FLADDERAK	32,00 €	16,00 €	50,00 %
GUIRI	32,00 €	16,00 €	50,00 %
GLAUCO	24,00 €	12,00 €	50,00 %
GLADITORE	24,00 €	12,00 €	50,00 %
XEN	24,00 €	12,00 €	50,00 %
RYAN RED	24,00 €	12,00 €	50,00 %
GAVINO RED	26,00 €	13,00 €	50,00 %
FREIRE RED	26,00 €	13,00 €	50,00 %
AIRAS	26,00 €	13,00 €	50,00 %
GLOBAL RED	26,00 €	13,00 €	50,00 %
GOLDAR	26,00 €	13,00 €	50,00 %
ALFRED	26,00 €	13,00 €	50,00 %
GIGANTIC	26,00 €	13,00 €	50,00 %
SPLASH	18,00 €	9,00 €	50,00 %
CARAMELO	18,00 €	9,00 €	50,00 %
MALDINI	18,00 €	9,00 €	50,00 %
KARL	18,00 €	9,00 €	50,00 %
CAMPGRAN	18,00 €	9,00 €	50,00 %





c) Realización de probas de ADN. A este efecto realizaranse anualmente un mínimo de:

- 1.000 avaliacións xenómicas para o adecuado desenvolvemento do programa de selección.

d) Adquisición e implantación de embrións de elite en ganderías colaboradoras:

- Adquisición dun mínimo de 100 embrións elite anualmente.

e) Propagación das técnicas de reprodución que contribúan a incrementar o progreso xenético do gando:

- Transferencia embrionaria (ET).
- Produción de embrións mediante Ovo-Punción e Fecundación in vitro (OPU- FIV).

3. Antes do 1 de abril dos anos 2024, 2025, 2026 e 2027, Xenética Fontao, SA deberá presentar a documentación que acredite o número total de beneficiarios, os destinatarios e número de doses do material xenético gratuíto, así como os destinatarios do material xenético procedente de sementais elite de Xenética Fontao, coa indicación expresa dos nomes e prezos de venda ao público de cada semental mellorante e os prezos aos que foron adquiridos polos gandeiros participantes no Programa de Mellora Xenética da Raza Frisoa de Galicia 2023-2026.

AVALIACIÓN DE RESULTADOS

A avaliación dos resultados obtidos realizase por técnicos da Subdirección Xeral de Gandería (Servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal), en base aos seguintes indicadores de cumprimento, xa sinalados no anexo IV:

- Nº embrións estranxeiros adquiridos e implantados.
- Nº de machos avaliados xenomicamente como candidatos a reprodutores.
- Nº de machos sometidos a proba sobre descendencia.





- Nº de femias valoradas xenomicamente.
- Nº de femias sometidas a FIV.
- Nº de embrións obtido por esta técnica.
- Nº de doses seminais repartidas para a súa avaliación sobre descendencia.
- Nº de doses repartidas anualmente na campaña do seme.
- Nº doses seminais sexadas repartidos na campaña.
- Nº de doses entregadas para compensación por lactacións finalizadas.
- Nº de doses promocionais entregadas anualmente.
- Proporción de femias descendentes de touros do programa inscritos cada ano no libro xenealóxico da raza frisoa, con respecto ao total de animais inscritos en Galicia.
- Proporción de fillas de touros procedentes do programa participando cada ano (con lactación iniciada) no control de rendementos, respecto ao total de femias no mesmo.





ANEXO VI

CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS

Os importes por concepto e tipo de gasto reflectidos no cadro corresponden a cálculos estimados durante cada un dos catro anos de vixencia do convenio, (preverse que serán iguais para cada anualidade) que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.

CONCEPTO	ACTUACIÓNS	IMPORTE 2023/24/25/26
APROVISIONAMENTOS	<ul style="list-style-type: none">- Alimentación dos animais: 81.500 €- Materiais funxibles: 400 €- Material de laboratorio: 2.800 €- Produtos veterinarios: 1.100 €- Nitróxeno líquido: 4.200 €- Outros gastos variables:	90.000 €
PERSOAL	<p>Persoal propio da empresa asignado á realización de traballos do convenio. Inclúe soldos e seguridade social a cargo da empresa.</p> <ul style="list-style-type: none">- 4 veterinarios x 5 mensualidades: 60.080 €- 1 director de produción x 5 mensualidades: 20.580 €- 1 auxiliar laboratorio: 5 mensualidades 9.340 €	90.000 €
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	<ul style="list-style-type: none">- Reparacións e mantemento de maquinaria: 500 €- Subministracións xerais de luz: 13.500 €- Subministracións xerais de telefono: 2.000 €- Gastos de carburantes: 1.500 €- Renting comercial de vehículos: 4.000 €- Custes de valoracións xenómicas dos animais: 11.700 €- Gastos veterinarios: 1.085,7 €- Gastos en transporte e promoción.	34.285,7 €
TOTAL		214.285,70 €

